

Relatorio sobre actuacións policiais na noite 24-25 de xullo de 2020 en Compostela

EsCULcA (Observatório para a Defensa dos Dereitos e Liberdades) ven constatando con preocupación desde hai tempo as restricións que na Galiza está a padecer o exercicio do dereito de reunión e manifestación consagrado no artigo 21 da Constitución de 1978.

Son varias as Resolucións Administrativas da autoridade gubernativa que dan unha interpretación estrita deste dereito de configuración constitucional e dos mínimos requisitos que para o seu exercicio impón a LEI ORGÁNICA 9/1983.

Así, foron ditados acordos prohibindo concentracións por estas teren sido comunicadas fora de prazo, mesmo no caso en que a causa de urxencia da convocatoria era patente, e son numerosos tamén os expedientes sancionadores incoados nos últimos anos ao abrigo da lei de seguranza cidadá a participantes en concentracións e manifestacións.

Por outra parte, as últimas resolucións do TSX da Galiza, confirmadas polo TC , non autorizando concentracións sob excusa da Covid-19 determinan que a nosa organización deba estar vixiante nas limitacións no dereito de reunión e manifestación.

É neste contexto que EsCULcA, en exercicio das súas finalidades Estatutarias, decidiu emprender xa hai anos un traballo de observación en determinados actos, manifestacións ou reunións celebrados ao longo do país, para comprobar se se observa o escrupuloso respecto ao dereito constitucional que plasma unha das formas de participación directa da cidadanía no exercicio da acción política.

Neste mesmo contexto, e con o propósito de documentar as irregularidades que eventualmente viñeren a producirse para poder dar conta delas, EsCULcA decide elaborar en cada caso un relatorio que recolla todas as incidencias observadas directamente e, sendo o caso, incorporar en apéndice aqueloutras, anteriores ou posteriores ao desenvolvemento do acto en si, de que tiver constancia.

Estes relatorios son enviados posteriormente á Delegación do Goberno en Galiza, aos portavoces dos grupos do Parlamento Galego, ao Valedor do Pobo, á oficina do



Defensor del Pueblo así como a organismos e observatorios europeos, deputados galegos no Congreso e no Parlamento Europeo e medios de comunicación social.

Nesta liña de actuación, e por pedido expreso dos colectivos organizadores, EsCULcA acordou enviar observadores ao acto denominado ‘Rondalla’ que estaba previsto levar a cabo na madrugada do día 24 ao 25 de xullo de 2020.

DESCRIPCIÓN DOS FEITOS OBSERVADOS

Antecedentes

A petición dos colectivos organizadores, EsCULcA procedeu a comunicar a Delegación de Goberno a presenza dos seus observadores nos actos do Día da Patria e, máis especificamente, na Rondalla que estaba previsto comezase ás 23.30 do día 24 na Praza de Cervantes. O obxectivo: constatar o respecto aos dereitos de manifestación , reunión , expresión e libre circulación . Queremos sinalar que o noso Observatorio tiña constancia de que o acto reivindicativo non fora comunicado á Subdelegación do Goberno ao abrigo do disposto na Lei Orgánica 9/1983 de 15 de xullo, concretamente no seu artigo oitavo.

En informacións recollidas posteriormente, EsCULcA tivo coñecemento de que o percorrido previsto era inicialmente o seguinte: Saída da Praza de Cervantes (ou Praza do Pan) – Preguntoiro - Praza do Toural - Alameda. Tamén estaban previstas dúas variantes alternativas: unha Praza do Pan – Rúa das Hortas - Alameda e Praza do Pan - Rúa da Senra - Praza de Galiza - Alameda.

O acto fora publicitado nos días anteriores através das redes sociais e de cartazes colocados en lugares públicos, polo que se constata a ausencia de intención de dar á convocatoria carácter clandestino.

Noite do 14-15 de xullo

Unha equipa de dous observadores identificados con petos vermellos está presente no lugar de inicio do acto ás 23.15 horas. Na praza hai numerosa presenza de axentes anti-disturbios: dous vehiculos e unha dotación de aproximadamente 40 axentes . Varios destes axentes portan espingardas con bocacha para lanzamento de bolas de goma ou botes de fume/gas . Apesar de dificultade de concretar tal extremo, poden observar que,



como mínimo, 2 axentes están dotados desta arma longa. Obsérvase tamén a presenza igualmente numerosa de policías á paisana.

Na praza non hai presenza de manifestantes na hora de inicio prevista.

Os Observadores de EsCULcA non se identifican por non constatar presenza de xefe do operativo nin movemento algún que indique que vai ter lugar o acto reivindicativo.

Sobre as 00.10 horas, observan que os policías se distribúen en varios grupos. Establecen un cordón de aproximadamente 15 axentes na zona de praza en que desemboca a Rúa Preguntoiro. Outro cordón corta os accesos á praza de Cervantes no lugar en que desemboca a Rúa Casas Reais. Este último composto por aproximadamente 15-20 axentes, algún deles portando espingarda.

Mais adiantado hai outro cordón policial que corta a Rúa Algalia de Arriba. Os observadores dificilmente poden determinar a súa composición dado que non se lles permite acceder ao lugar. Estiman que podería estar composto por uns 20 axentes policías.

A determinada altura, nun movemento coordinado e sorpresivo pois non consta alteración algunha da orde, os axentes proceden a colocar os capacetes.

Un dos Observadores de EsCULcA solicita a un axente falar co xefe do operativo policial para facerlle constar a súa presenza mais, aínda que o axente xa tiña coñecemento da súa presenza, non lle permite aproximarse á Algalia de Arriba e impédelle ultrapasar o primeiro cordón policial. Tampouco lle permite dirixirse á Algalia de Abaixo ou ás Casas Reais.

Por outra parte, a recusa do axente a abrir o cordón policial para os dous observadores poderen acceder á Algalia de Arriba, impédelles tamén entrar en contacto con responsábeis dos colectivos organizadores da Rondalla.

Sobre as 00.20 horas, os dous Observadores tentan novamente acceder á Algalia de Arriba. Antes de abandonaren a Praza de Cervantes observan que policías á paisana (unha muller e tres homes) proceden a identificar tres mulleres xovens e constatan que a identificación é levada a cabo sen que ningunha das tres cidadás teña feito previamente tentativa algunha de promover a manifestación ou rondalla. A preguntas dos membros de EsCULcA, as tres din ignorar o motivo da identificación e afirman que os axentes actuantes non lles notificaron en ningún momento a causa.

Os observadores abandonan a Praza de Cervantes e tentan acceder á Algalia de Arriba dende Casas Reais através de ambos os cordóns policiais, mais son retidos polos axentes. Optan por baixar por Casas Reais até á Praza de Salvador Parga, onde chegan finalmente cruzando a Algalia de Abaixo, a Rúa dos Truques e a Algalia de Arriba. Alí



observan que a entrada está tamén bloqueada por un forte cordón policial (uns 12 axentes, un deles portando arma longa) uns metros máis abaixo da intersección San Miguel dos Agros – Algalia de Arriba.

Máis unha vez prohibeselles o acceso, apesar de estaren perfectamente identificados con colete vermello e teren conseguido por fin presentarse ao xefe do operativo quen, compre sinalar, con diferenza ao acontecido en anos anteriores, non mostra ánimo algún de colaboración.

Dende o seu punto de observación poden ver como a Algalia de Arriba está bloqueada por cordóns policiais situados en ambos os extremos, ficando no medio un espazo de aproximadamente 100 ou 150 metros. Neste espazo está ubicado o CS Escarnho e Maldizer e nese momento hai unhas sesenta persoas con bandeiras que coreando lemas e son obrigadas a permanecer totalmente inmovilizadas, sen poderen exercitar non só o seu dereito de manifestación mais tamén o propio dereito de liberdade de circulación.

Tres persoas que proceden da Algalia de Arriba e conseguen atravesar o cordón policial da zona alta da rúa informan aos observadores que foron autorizadas a saír para as furtar ao risco derivado de manter máis de sesenta persoas retidas sen explicación algunha nun espazo reducido, impedindo de facto o exercicio do dereito de configuración non legal de manifestación. Sinalan tamén que a situación de encerramento entre dous cordóns policiais provoca grande tensión nas persoas concentradas.

Os Observadores constatan que no cordón situado na parte baixa da rúa os axentes inician os preparativos para unha posíbel carga, polo que optan por retornar á zona situada entre ambos os cordóns policiais que hai nese extremo, accedendo dende Casas Reais entre o cordón ubicado na saída da Praza e o que está na entrada de Algalia de Arriba. Non conseguen pasar porque llelo impede o cordón que bloquea o acceso de Casas Reais á Algalia de Arriba. Neste cordón, alén de axentes con equipamento anti-distubios, hai outros á paisana: dous identificados con coletes amarelos e a placa visíbel e catro sen identificación á vista.

Na zona de Algalia de Abaixo constatan a presenza de ao menos dous policia á paisana e comprobán que os acompañan en todo momento.

Cando acceden outra vez á Praza de Cervantes dende a Rúa das Ánimas e a Rúa San Bieito, observan que os axentes do cordón máis próximo ás persoas concentradas continúan en disposición de cargar. Dúas persoas xovens, un home e unha muller, informan aos Observadores que a policía os identificou por tentaren acceder á Algalia de Arriba e que lles indicou que serían sancionados como promotores do acto reivindicativo, aínda que ningún dos dous fixera xesto algún que puidese ser interpretado como intención de participar na concentración e moito menos de a dirixir. Tamén informan dunha detención perto da igrexa das Ánimas.



Dado que os gritos dos concentrados están cesando, os Observadores deciden tentar acceder dende a parte alta de rúa á Algalia de Arriba. Antes dirixense a Casas Reais onde, á altura da igrexa das Ánimas, observan como un home duns 30 anos é introducido nun vehículo policial en condición de detido. No lugar hai tamén unha ambulancia mais nese momento ninguén está recibindo asistencia. Os observadores toman nota da matrícula de ambos os vehículos. No lugar hai varios policías, uns de uniforme e outros á paisana.

En relación con esta detención, facemos constar que **Galiza Contrainfo** informou posteriormente que o detido viña dunha cea privada e, cando tentou pasar polo cordón policial situado no entroncamento de Casas Reais con Cervantes de camiño a casa, foi agredido por axentes de uniforme e á paisana. Segundo o seu relato estes teríanlle dado pancadas na cabeza, no pescozo e na cara. Despois tería sido inmovilizado no chan, onde os axentes lle terían aplicado a técnica coñecida como ‘mata-león’ (presión dos xeonllos no pescozo como no caso de George Floyd) sen que el chegase a perder a consciencia.

Tamén informa que foi levado ao hospital e no servizo de urxencias recibiu unha atención deficitaria, limitándose o sanitario que o atendeu a perguntarlle en que partes do corpo recibira as pancadas e a tomar nota das súas indicacións, sen chegar a examinalo e sen lle proporcionar calmantes para a dor.

Xornalistas de **Galiza Contrainfo** estaban presentes na Praza de Cervantes dende as 11:00h, mais foron impedidos de realizar o seu labor polos axentes, vulnerando o seu dereito a comunicar información.

Finalmente, chegados á parte alta da Algalia de Arriba, os observadores poden observar que a concentración está practicamente disolvida e a Rondalla suspendida por causa da presión policial.

Á 01.00h dan por concluído o labor de observación directa.

Información recibida posteriormente

Durante a observación directa, os membros de EsCULcA non conseguen contactar con ningunha persoa dos colectivos que organizaban a Rondalla, mais posteriormente reciben varias informacións:

- a) un axente policial á paisana tentou entrar no CSO Escarnho e Maldizer;
- b) o acceso ao local foi impedido a varias persoas que pretendían entrar no Centro Social;
- c) cando dous membros da Mocidade pola Independencia se achegaron a falar coa policía -conversa presenciada polos observadores de EsCULcA- os axentes



ameazáronos con os facer responsábeis da organización da Rondalla caso esta finalmente lograrse sair;

d) no punto en que a distancia entre activistas e axentes era menor, estes proferiron burlas e frases con ánimo -presumiblemente- de provocar unha reacción violenta das persoas encerradas polos cordóns policiais.

CONCLUSIÓNS

Estima o noso Observatorio que o dispositivo policial impediu, de facto, o exercicio do dereito de manifestación previsto polos organizadores da chamada RONDALLA .

Non pretendemos pasar por alto o feito de esta manifestación non ter sido autorizada previamente, mais iso en modo algún pode ser motivo para a súa suspensión ou disolución, pois medida tan grave só pode ser aplicada nos casos contemplados no **Art. 5º da Lei Orgánica 9/1983 de 15 de xullo** e dese Art. 5º sería de aplicación unicamente o apartado referente a eventual alteración da orde pública .

Ora, debemos sinalar que no parecer dos observadores de EsCULcA non se produciu feito algún que fixese presumíbel a eventualidade de se producir tal alteración. E sendo isto así, só cabe afirmar que a actuación policial incorreu en via de feito ao impedir o exercicio dun dereito constitucional de configuración non legal sen existiren os presupostos legais do Art. 8º da LO 9/1983 que puidese xustificar tal prohibición.

Ignora Esculca se a responsabilidade de tal via de feito con infracción dun dereito constitucional corresponde ao xefe do operativo policial ou á autoridade política da Subdelegación de Goberno. O que si pode afirmar é que, dada a correlación de número entre manifestantes e policiais, é evidente que non existía risco algún na súa celebración. Máis aínda, entendemos que a situación realmente perigosa produciuna a decisión policial de “encurrular” sesenta ou mais persoas entre varios cordons policiais nun espazo urbano de reducida extensión.

En Compostela a dous de setembro de 2020.

Vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=wQoB7CkwQss>

